



CPI AS REVOLTAS

PREMIOS EXTRAORDINARIOS ESO 2023

QUE REQUISITOS DEBO CUMPRIR?:

- Rematar o 4º curso de ESO no curso 22-23 e ser proposto/a para título.
- Ter unha media dos catro cursos igual ou superior a **9,00**.

COMO REALIZAR A SOLICITUDE?:

As solicitudes, presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación informática «PremiosEdu» (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu/>).

Neste mesmo lugar poderanse consultar as listaxes de persoas admitidas.

Deberá solicitar directamente a persoa interesada.

O **PRAZO** para facer a solicitude é **DENDE O 31 DE MAIO de 2023 ATA O 30 DE XUÑO DE 2023**

COMO PODO ACADAR O PREMIO?:

O alumnado candidato/a deberá realizar unha **PROBA EXTERNA** e presencial, que consta dos seguintes exercicios relacionados coas materias de 4º curso:

- 1ª parte (cuestións sobre as seguintes materias; 2 horas): **Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e 1ª Lingua estranxeira**
- 2ª parte (2 horas):
 - **Xeografía e historia**
 - **Matemática académicas ou Matemáticas aplicadas**
 - 1 materia entre as seguintes: **Bioloxía e xeoloxía, Economía, Física e química, Latín, Ciencias aplicadas a actividade profesional, Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, Tecnoloxía.**

CANDO É A PROBA EXTERNA?:

O **6 DE SETEMBRO DE 2023**, nos lugares e horario que estipule a Consellería de educación.

A QUÉ PREMIOS PODO OPTAR?:

- Máximo de 20 premios de **1000 €** cada un.
- Diploma acreditativo e posibilidade de presentarse ao premio nacional.

Podo solicitar adaptación en caso de ser **ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**?:

Deberán facer constar na solicitude a circunstancia e achegar documentación acreditativa para posibles adaptacións.

ONDE ME PODO INFORMAR MELLOR?

- [PREMIOS ESO \(WEB CONSELLERÍA\)](#)
- [APLICACIÓN PREMIOSEDU](#)
- No Departamento de Orientación do teu centro.